

## MESA COA DXFPO 26 DE OUTUBRO, ANUNCIADA NA MESA XERAL O PASADO DÍA 17 SOBRE A LEI DE ORZAMENTOS E LEI DE MEDIDAS DE 2019 (26/10/18)

A **Administración** presenta os seguintes documentos que remitira por mail para estudo e alegacións:

- o Texto presentado polo Goberno ao Parlamento sobre a Lei de orzamentos e Lei de medidas.
- o Proxecto de decreto do regulamento de procedementos de mobilidade do persoal funcionario.
- o Texto de modificación do Decreto 37/2006, de listas de contratación.
- o Listado de equivalencias de categorías a funcionarizar.

**FeSP-UGT** co resumo que expón a DXFP manifesta as seguintes valoracións a vista da falla, ata agora, de estimación das alegacións feitas polo sindicato.

### Textos de Lei de orzamentos e medidas:

**FeSP-UGT** considera que conteñen referencias xenéricas á normativa básica estatal, motivo polo cal manifestamos a nosa discrepancia e **solicitamos a concreción dos fondos adicionais** así como a **homologación progresiva, en materia de xornada a outras Administracións Públicas, con ponderación en xornadas especiais ou penosas nos ámbitos que non se contempla**, así como sobre as medidas de **conciliación, formación, OPEs e traslados**, a lo menos nos termos que os **Presupostos Xerais do Estado** recolleron, **mediante transposición o Acordo asinado en Madrid** o pasado mes de marzo.

Ao respecto da **creación das escalas de orientación e de Seguridade e Saúde Laboral no Traballo (Grupo B)**, reiteramos a petición, respondendo a Xunta que foi remitida a consulta ás Consellerías correspondentes.

**Segunda actividade Servizo de Gardacostas:** a Xunta aberta a algunha modificación.

Sobre a **carreira profesional**, **FeSP-UGT insiste** en que os **fondos adicionais e a recuperación retributiva non poden excluír a ningún tipo de persoal**, debendo aplicarse ao persoal funcionario e laboral en termos homoxéneos aos demais colectivos da Xunta.

- A aplicación da **recuperación económica** será nun marco plurianual de **3 anos** (2019, 2020 e 2021).
- O **régime excepcional** reconecerá o tempo de servizos prestados do persoal empregado público no grao 1 e 2. O grao 1 en 3 anos, grao 2 en 2022.
- As **contías deberan supoñer a recuperación proporcional de perda salarial de todos os grupos de clasificación**.
- Ao longo do ano 2019 negociarase o modelo de carreira ordinaria.

**FeSP-UGT insiste** en que **Orzamentos** debe recoller a **taxa do 100% incrementada no 8% segundo o Acordo estatal e a LPXE**.

A **DXFP manifesta** que as contías son inamovibles e que é o modelo Sergas, que o persoal laboral que se funcionarice terá carreira con efectos de xaneiro do 2019 e se verá o tratamento económico do persoal de categorías non funcionarizables. Abre prazo de alegacións ata o día 6 co fin de realizar unha nova xuntanza nesa semana a fins de rematar a negociación antes do día 16.

A **DXFP** reitera que coas remisións xenéricas realizadas tanto á LPGE como ao TREBEP debera ser suficiente para negociar todos as materias propostas. Refire tamén que a día de hoxe Galicia non cumpre a regra de gasto.

### Proxecto de decreto do regulamento de procedementos de mobilidade do persoal funcionario:

Entregan un documento que contén moi poucas alegacións aceptadas, remitirano o luns que ven abrindo novο prazo de alegacións ata o día 8.

### Texto de modificación do Decreto 37/2006, de listas de contratación:

O documento contén modificacións puntuais como baremación servizos SEAGA. Faltan importantes **alegacións presentadas por FeSP-UGT**. Abren novο prazo de alegacións ata o vindeiro día 8.

### Listado de equivalencias de categorías a funcionarizar.

A Xunta formaliza o inicio do proceso de funcionarización, aportando unicamente a estrutura de equivalencia entre categorías laborais e corpos e escalas funcionarias, nunha nova versión dos aportados nos anos anteriores. Prazo de alegacións ata o día 12 de novembro.

### Lei de administración dixital.

Informa que reunirán ás OOSS para tratar as alegacións presentadas. **FeSP-UGT** insiste en tomar en consideración a **formación** previa tanto en **Igualdade** como a impartida avalada polos acordos nacionais **AFEDAP**. **Formación que vai ser obrigatoria para o acceso e a provisión e deberá ser negociada cos sindicatos**.



# HAI QUE REPARAR O DANO

## AGORA. NOS